



Secretaría FGTM
José L. Cabaleiro Fernández
Luis Ksado 17 – Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-Mail: jlcabaleiro@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR Nº 05

TEMPADA 2014/2015

**NORMATIVA DOS CAMPIONATOS GALEGOS: BENXAMÍN,
ALEVÍN, INFANTIL, XUVENIL, SUB 23, ABSOLUTO, VETERANO
E PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

NORMAS XERAIS

- 1.-** Para que un club ou entidade poida organizar un Campionato Galego, as solicitudes deberán ter entrada na secretaría da Federación cunha antelación mínima de 3 meses.
- 2.-** Os clubs que soliciten a organización de Campionatos Galegos, deben aportar todos os trofeos en disputa.
- 3.-** O prazo de inscrición nos Campionatos Galegos deben de rematar, de ser posible, 15 días antes da celebración, no caso da disputa dun máximo de 2 campionatos simultáneos, e 20 días no caso de que se convocaran simultaneamente 3 ou máis campionatos.
- 4.-** Para poder inscribirse nos campionatos galegos é preciso ter licenza galega ou española en vigor, no intre do peche da inscrición.
- 5.-** Para a disputa dunha proba a inscrición mínima deberá ser de 4 equipos, 8 individuais e 8 dobres.
- 6.-** Se nunha proba non se acada a cota mínima, farase unha única proba xuntando masculinos e femininos.
- 7.-** En todos os campionatos o 1º día disputaranse as probas de individuais e dobres, e o 2º día as de equipos, agás cando se disputen dous campionatos ao mesmo tempo.
- 8.-** Cando teñan lugar dous campionatos na mesma fin de semana, deben disputarse as probas de individual e dobres do de maior participación ou o de maior categoría e a proba de equipos do outro, o 1º día, e á inversa o 2º día, coa finalidade de que o Xuíz Árbitro aproveite mellor os recursos materiais e humanos.
- 9.-** Ningún xogador@ poderá participar en dúas probas de diferentes campionatos o mesmo día.
- 10.-** Os cabezas de serie de tódalas categorías, designaranse tendo en conta o ránking oficial galego, agás a proba de equipos absolutos masculinos e femininos, que se determinará pola categoría e a clasificación oficial nas ligas, no intre de facer o sorteo.
- 11.-** Na modalidade de equipos non se permitirá a participación con xogador@s de diferentes clubs, en ningunha categoría.



Secretaría FGTM
José L. Cabaleiro Fernández
Luis Ksado 17 – Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-Mail: jlcabaleiro@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 12.-** Coa fin de que tanto clubs como participantes sexan coñecedores de antemán do desenvolvemento dos campionatos nos que se inscriben, acordamos que o pláning destes debe ser o mesmo ao haber cotas de participación, polo que será o Comité Galego de Actividades quen dea as instrucións, de acordo coa presente normativa, aos Xuíces Árbitros designados.
- 13.-** Os grupos serán preferentemente de 4 en individual e de 3 en equipos. Só no caso de que non se cubra a cota se poderá facer algún grupo de 3 ou 5 en individual ou, de 4 a 6 en equipos, de xeito excepcional, para unha mellor organización da competición.
- 14.-** Non se disputarán postos nas fases finais dos cadros eliminatorios.
- 15.-** Aplicarase o ránking do circuíto galego en sentido estrito.
- 16.-** O número máximo de parellas de dobres será o equivalente á metade da inscrición individual, e o número máximo de parellas mixtas, será igual á inscrición feminina.
- 17.-** As probas de dobres masculinos, femininos e mixtos, disputaranse ao mellor de 3 xogos, ata chegar a semifinais en que se volverá a xogar ao mellor de 5 xogos.
- 18.-** Non se disputarán os terceiros e cuartos postos de tódalas probas.
- 19.-** Haberá trofeos ou medallas para os 4 primeiros (campión/a, subcampión/a, e semifinalistas), en todas as categorías. Na modalidade de equipos, ademais do trofeo para os equipos, haberá medallas tamén para os xogadores/as.
- 20.-** Agás nas categorías de benxamines, alevines e veteranos non se permite a participación de xogadoras en equipos masculinos. Na categoría alevín, se terán en conta as normas específicas.
- 21.-** As probas a convocar en tódolos campionatos serán:
 - 21.1. Equipos masculinos e femininos
 - 21.2. Individual masculino e feminino
 - 21.3. Dobres masculinos e femininos
 - 21.4. Dobres mixtos.
- 22.-** Unha vez publicados os listados e os sorteos definitivos, non se farán cambios, aínda que se comuniquen baixas que afecten a cabezas de serie.
- 23.-** Haberá que xustificar documentalmente as baixas que se produzan.
- 24.-** A Federación Galega resérvase dúas prazas para casos excepcionais e xustificadas, que entrarían dentro das cotas establecidas.



Secretaría FGTM
José L. Cabaleiro Fernández
Luis Ksado 17 – Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-Mail: jcabaleiro@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO

- 1.-** Disputarase unha fase de grupos na que participarán os equipos de Superdivisión, División de Honra, Primeira División e Segunda División, ata que sumen un total de 16 equipos masculinos e 8 femininos, de acordo coa clasificación na liga respectiva, no intre da convocatoria do campionato.
- 2.-** O sistema de competición é o de Copa do Mundo en masculino e feminino. Os equipos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores/as, que deberán figurar no formulario de inscrición.
- 3.-** A puntuación do equipo será a suma dos/as tres xogadores/as con mais puntuación.
- 4.-** Nas probas individuais as cotas máximas son de 48 xogadores e 24 xogadoras.
- 5.-** Ao igual que sucede nas ligas, un xogador, poderá ser inscrito nun equipo do seu club de superior categoría, tendo en conta o status acadado en liga, non intre da disputa.
- 6.-** Poderase solicitar sempre e cando sexa xustificada (lesión, convocatoria selección, asunto grave, etc.) e que decidirán o Xuíz Único ou o Comité de Competición do Campionato, que será nomeado e comunicado aos clubs participantes.
- 7.-** Non se permitirá en ningún caso a inscrición de xogadores estranxeiros en equipo de categoría superior á que xogan en ligas nin tampouco a ningún xogador/a en equipo diferente ao seu, que sexan da mesma categoría.

CAMPIONATO GALEGO DE VETERANOS

- 1.-** As probas a disputar son:
 - 1.1. Equipos +40, +50 e femininos
 - 1.2. Dobres +40, +50, +60 e femininos
 - 1.3. Individual +40, +50, +60, +65 e feminina
- 2.-** As cotas máximas de participación nas distintas probas de equipos son:
 - 2.1. 16 masculinos en +40
 - 2.2. 16 masculinos en +50
 - 2.3. 8 femininos.
- 3.-** De non disputarse a proba de equipos femininos, os inscritos disputarán a proba de equipos de +50, agás petición expresa dos mesmos de participar na categoría +40.
- 4.-** De darse o caso de que tampouco houbera proba de +50, pasarían todos a +40.



Secretaría FGTM
José L. Cabaleiro Fernández
Luis Ksado 17 – Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-Mail: jlcabaleiro@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 5.- De darse algún dos casos anteriores, para que un equipo de +50 ou feminino poida participar na proba de +40, deben inscribir un terceiro xogador/a. De non ser así, non poderían participar.
- 6.- O sistema de competición é copa do mundo en +40, e corbillón en +50 e feminino.
- 7.- Os equipos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores en +40, e por un mínimo de 2 xogadores en +50 e feminino.
- 8.- As cotas máximas de participación individual son 48 nas masculinas e 24 na feminina. De non poder cubrirse a cota mínima nalgunha das probas, as inscritas xogarán na proba de +60, os inscritos en +65 en +60 e, estes, na proba de +50, e no caso hipotético que tampouco así houbera proba, faríase unha única proba con todos os inscritos, baixo a denominación de +40.
- 9.- De haber menos de 8 parellas femininas inscritas, pasarían á proba de dobres de +60, e de non haber esta, todos na da +50. O mesmo acontecerá coas parellas de +60, e así sucesivamente.
- 10.- A proba de dobres mixtos disputarase sempre e cando se dispute a proba individual feminina.
- 11.- Á marxe das condicións anteriores, os xogadores tanto en individual, dobres, como en equipos, poden inscribirse nas probas de categoría superior.

CAMPIONATOS GALEGOS SUB-23, XUVENIL E INFANTIL

- 1.- As cotas máximas de participación son:
 - 1.1. 16 equipos masculinos.
 - 1.2. 8 femininos.
 - 1.3. 48 xogadores.
 - 1.4. 24 xogadoras.
- 2.- O sistema de competición é Copa do Mundo para equipos masculinos e Corbillón para femininos.
- 3.- Os equipos masculinos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores e os femininos por un mínimo de 2.

ALEVIN, BENXAMIN E PRE-BENXAMIN

- 1.- As cotas de participación serán os seguintes:
 - 1.1. 16 equipos masculinos.
 - 1.2. 8 equipos femininos.
 - 1.3. 48 xogadores en individual masculino.
 - 1.4. 24 xogadoras en individual feminino.



Secretaría FGTM
José L. Cabaleiro Fernández
Luis Ksado 17 – Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-Mail: jlcabaleiro@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 2.- O sistema de competición de equipos será o Corbillón, cun mínimo de 2 xogadores/as.
- 3.- Na categoría alevín, poden participar equipos mixtos (xogador e xogadora) no caso de que haxa só unha licenza masculina e/ou unha feminina no mesmo club, que se encadrarán na modalidade de equipos masculinos.
- 4.- Na categoría benxamín a competición e mixta, admitíndose tanto equipos masculinos, como femininos ou mixtos.
- 5.- A categoría pre-benxamin, de convocarse, só se disputará en competición individual mixta.

CAMPIONATOS PARA XOGADORES CON DISCAPACIDADE FÍSICA E INTELLECTUAL

- 1.- O campionato galego de discapacidade física disputarase, de haber a cota mínima, nas modalidades de pé e cadeira, tanto en equipos como en individual.
- 2.- De non haber cota, a fase de equipos será única entre equipos de pé, cadeira ou mixtos (xogadores de pé e cadeira no mesmo equipo).
- 3.- O sistema de competición será o corbillón, mínimo 2 xogadores por equipo.
- 4.- A competición individual será na primeira fase en grupos e por eliminatoria na fase final.
- 5.- O campionato de discapacidade intelectual, disputarase na modalidade de individual masculina e feminina.
- 6.- Computarán os 3 mellores xogadores e as 3 mellores xogadoras de cada entidade, para o premio colectivo por equipos.
- 7.- A participación é aberta para tódalas persoas con calquera tipo de discapacidade, que deberán acreditar co seu correspondente certificado oficial. Tamén deberán posuír a súa correspondente licenza federativa ou licenza FEDDF, no caso dos discapacitados físicos, ou licenza FEDDI, no caso dos discapacitados intelectuais.
- 8.- No caso de non posuír ningunha delas, poderase solicitar xunto coa inscrición neste campionato.

A Illa de Arousa, 5 de agosto de 2014